

Obxectivos desta unidade

Identificar e designar as partes do corpo humano

Dar e pedir información sobre estados de saúde

Expresar condolencia

8

Que podo tomar, doutora?

Coñecemento do código

Partes do corpo humano

A saúde e a atención sanitaria. Malestares máis comúns

Os pronomes átonos de Complemento Directo.

Uso en enunciados afirmativos

O copretérito

O imperativo afirmativo

As perífrases de obriga: **HABER QUE + INFINITIVO**
e **TER QUE + INFINITIVO**

A entoación afirmativa e interrogativa



INFANTIL

ANOS 2000 x 2001

12

14



ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. PONTE EN FORMA CADA DÍA

A. A revista *Ximnasia fácil* dáche algúns consellos para estar en forma en todo momento e en todos os lugares. Fíxate nas recomendacións e na parte do corpo que se traballa en cada imaxe.

XIMNASIA NO TRABALLO

Estás afogado pola tensión do traballo? Proba estas técnicas de ioga para relaxarte sen saír da túa oficina!



1

Que é o que consigo?

Relaxar os músculos da zona dos ombros e os bíceps.

Cando teño que facelo?

Cando comezas a insultar o teu ordenador por non ir o suficientemente rápido.

Como o fago?

Pon as mans detrás da cabeza, lixeiramente por riba do cocote e cruza

os dedos. Reláxate, respira profundamente e estira os codos cara atrás. Notarás como desaparece a tensión. Repite esta actividade varias veces seguidas se é preciso.



4

Que é o que consigo?

Activar todos os músculos das túas pernas.


Cando teño que facelo?

Cando uses o ascensor.

Como o fago?

Pon unha man contra a parede do ascensor para manter o equilibrio. Co teu pé esquerdo no chan, levanta o dereito e crúzao por riba da túa perna

esquerda á altura do nocello. Debes notar como a enerxía flúe pola planta do teu pé esquerdo. Reláxate, colle aire e volve comezar a mesma operación co outro pé. Faino cada vez que collas o ascensor.



2

Que é o que consigo?


Relaxar a delicada zona dos ombros e o colo, onde sempre se acumula a tensión.

Cando teño que facelo?

Cando estás colgado ao teléfono en espera escoitando por quinta vez a mesma melodía e xa non podes máis.

Como o fago?

Mentres estás sentado na túa cadeira hai que rotar os ombros cara adiante, cara arriba, cara atrás e logo cara abaixo. Continúa facendo estas rotacións ata que contesten ao teléfono e consigas rematar a xestión que tes que facer. Non fará que o resolvas antes, pero polo menos non acabarás con dor de colo.



5

Que é o que consigo?


Quítache os nós que a tensión e as malas posturas forman nos cadrís.

Cando teño que facelo?

Cando estás na fotocopiadora ou esperas a chegada dun fax.

Como o fago?

Mentres esperas que a máquina che acabe o traballo, sitúa as túas mans sobre ela e baixa a cabeza. Mantén as pernas separadas e as costas a un ángulo de 90 graos coas pernas. Respira profundamente e conseguirlas soltar a tensión das túas vértebras e manter unha mellor posición.



3

Que é o que consigo?


Axuda a enfocar a túa mente e dálle enerxía ao teu cerebro para afrontar os problemas de última hora.

Como teño que facelo?

A media tarde, pouco despois de xantar, cando a dixestión che provoca somnolencia.

Como o fago?

Coloca o teu dedo índice nun lado do nariz e preme un pouco. Logo aspira aire polo outro buraco do nariz. Respira profundamente: inspirando e expirando con tranquilidade. Fai este exercicio outra vez á inversa e repíteo un par de minutos.



6

Que é o que consigo?

Relaxa os músculos da parte superior do corpo.

Cando teño que facelo?

Faino despois de conseguir un éxito profesional. E moi importante... cando ningún te vexa!

Como o fago?

Ergue os brazos ata que estean en paralelo ao chan, á altura dos ombros. Entón dá un paso adiante coa perna esquerda e o xeonllo dobrado. Mantén a respiración regular e relaxa o tronco por uns minutos. Alterna este movemento con ambos os dous lados.

B. Une cada título coa explicación que lle acaia mellor en cada caso.

Exercicios para fortalecer os ósos

Actividades para relaxar as pernas

Exercicios para facer no traballo

Ximnasia no aeroporto

Ximnasia para traballar a zona abdominal

Exercicios para evitar a celulite

Exercicios para ter un corpo sedutor

Ximnasia na piscina

Exercicios para a zona lumbar

1.

Aproveita eses pequenos descansos entre as xestións e o café. **Debes realizar** unha serie de exercicios moi sinxelos para que a oficina non acabe coa túa forma física.

2.

A actividade física é fundamental para manter sans as túas rótulas e o teu esqueleto. Move o corpo con esta táboa que che presentamos!

3.

Propoñémosche un adestramento fácil e rápido! Traballa de forma especial esas partes do teu corpo que sabes que te fan sentir máis guapo/a.

4.

Repíte cada día estes exercicios e consegue un ventre plano, firme e sen graxa.

5.

Logo dunha longa viaxe sempre **hai que estirar** un pouco! É bo para reducir a tensión producida e axuda a recuperar o estado normal dos nosos músculos despois de cargar con pesadas maletas e manter a mesma posición durante un longo período de tempo. Bótalle imaxinación!

6.

Xa sabes que **hai que ter** un plan de exercicios para que a túa pel teña o mellor aspecto posible? Adestra 3 ou 4 veces por semana as túas coxas, nádegas e pernas en xeral. **Tes que combinar** estas actividades para que sexan máis efectivas e rematar antes coa graxa das túas cadeiras.

7.

Goza coa auga! Practica algúns exercicios que che propoñemos para este verán.

8.

Non podes máis dos cadrís? Fai esta sinxela táboa para traballar esas zonas do lombo que sofren máis a tensión do traballo.

9.

Notas que tes os músculos durmidos e as pernas inchadas? **Debes prever** estes problemas de inchazón e aparición de varices con estes exercicios fáciles. Só **tes que usar** un tempo mínimo!



2. Volve ler os consellos de antes fixándote nas palabras que están en grosa. Escribe ti de novo as oracións que atopas.

Xa sabes que **hai que ter** un plan de exercicios...



GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁCTICAS GUIADAS

Reparaches no que indican estas expresión? Son as perífrases:

TER QUE
HABER QUE



+ infinitivo

Usamos as construcións **ter que / haber que / deber + Infinitivo** para expresar necesidade ou obriga.

Indicando a persoa que ten a necesidade ou a obriga:

teño
tes
ten
temos
tedes
teñen



que + INFINITIVO

debo
debes
debe
debemos
debedes
deben



+ INFINITIVO

Se non indicamos quen ten esta necesidade ou obrigación:

hai + que + INFINITIVO

3. Nas recomendacións para facer exercicio que liches antes hai unha serie de verbos en imperativo. Le os consellos e vai subliñando todos os imperativos que atopas. Logo escríbeos ti e indica o infinitivo do verbo ao que pertencen. Bótalle un ollo ao cadro do imperativo

Aproveita eses pequenos descansos... ► Aproveitar

Que é o IMPERATIVO?

Utilizamos o imperativo para **pedirlle directamente** ao noso interlocutor que realice accións ou outras cousas.

Usamos o imperativo para:

Dar instrucións: **Aproveita** o tempo de lecer para practicar exercicio.

Rogar: Por favor, **axúdame** e dime como se fai esta actividade.


Mandar ou ordenar: **Sae** agora mesmo de aquí.

Aconsellar: Para que faga efecto **realiza** esta actividade 2 ou 3 veces á semana.

Invitar: Anda! **Ven** comigo tomar un petisco que hoxe convido eu.

Dar permiso: **Pasa, pasa**, que estaba agardando por ti.

4. Es quen de unir cada nome coa parte do corpo que lle corresponde?



Repara en que che axudamos coa tipografía da letra distinguindo entre a cabeza, o **tronco** e as extremidades.

5. LEVAR UNHA VIDA SA

A. Coidas moito a túa saúde? Ponte a proba e sinala cun X os hábitos saudables que segues ti habitualmente.

- ☐ Practicar deporte 2 ou 3 veces por semana
- ☐ Comer 5 pezas de froita case todos os días
- ☐ Beber 2 litros de auga ao día
- ☐ Non fumar nin beber alcol
- ☐ Durmir como mínimo 8 horas
- ☐ Comer peixe e verduras todas as semanas
- ☐ En xeral, ter unha dieta alimenticia equilibrada
- ☐ Coidar a hixiene, por exemplo, lavar os dentes despois de cada comida

B. Pola contra, os malos hábitos provocan malestar. Elabora unha lista de malos costumes e as consecuencias que poden causar. Fíxate na forma verbal que se utiliza nos exemplos e fai ti o mesmo.

Eu antes **fumaba** moito ► sempre **tiña** tose

Ás veces **sentaba** en malas postura ► **doíanme** as costas

.....

.....

.....

.....

.....

.....



COPRETÉRITO ou PRETÉRITO IMPERFECTO DE INDICATIVO

O copretérito úsase para describir accións ou feitos NON ACABADOS nun momento do pasado.

Utilizámolo para:

- describir persoas ou cousas do pasado: Eu antes **tiña** o pelo moi longo.
- falar de situación ou feitos que se desenvolvían regularmente no pasado:
Cando **era** máis novo **ía** xantar todos os domingos á casa da miña avoa.
- describir o que acontecía nun momento concreto do pasado:
Cando **saía** da casa vin que **caían** chuzos de punta.

FEITOS NON ACABADOS

Mentres o presente representa feitos non acabados no momento actual, o copretérito traslada esta perspectiva a un momento do pasado:

pasado:

Antes **facía** deporte todos os domingos e por iso **estaba** moi en forma. Aquel día **chovía** moito

presente:

Agora normalmente **vexo** a tele todos os domingos e por iso non **estou** en forma. Hoxe **chove** moito.

6. Fíxate nestas formas verbais en copretérito e constrúe oracións con elas.
 Logo coloca cada unha na táboa de abaixo onde lle corresponda.
 Completa ti o paradigma coas persoas que faltan.

Eu antes comía demasiados doces e tortas.

fumabades:

durmían:

comíamos:

durmía:

fumaba:

	1ª conjugación	2ª conjugación	3ª conjugación
EU		comía	
TI			
EL/ELA			
NÓS			
VÓS			
ELES/ELAS			



7. QUE MALIÑO ESTOU!

- A. Une cada diálogo coa imaxe que lle corresponda e completa a información.



Lugar:

Personaxes:

Doenzas:

.....

.....



Lugar:

Personaxes:

Doenzas:

.....

.....



Lugar:

Personaxes:

Doenzas:

.....

.....

PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS DE COMPLEMENTO DIRECTO

Temos tres formas diferentes para a 3ª persoa dos pronomes átonos, e usamos unha ou outra dependendo de como remata o verbo: *quéroo*, *facelo*, *faino*. Como ves, nos enunciados afirmativos, o pronome colócase ligado ao verbo (enclítico).


Usamos	lo, la, los, las	Cando o verbo remata en -s ou en -r : Este xarope non me gusta nada, pero teño que tomalo para mellorar. Cóllelas na farmacia e logo tráesmas á casa.
Usamos	no, na, nos, nas	Cando o verbo remata en ditongo: Faino máis amodo para non te mancar. Deixeino a tempo, antes de que non tivese remedio.
Usamos	o, a, os, as	No resto dos casos: Gústame moito a ximnasia, fágoa todos os días pola noite. Comino todo e agora dóeme a barriga.



B. Agora ímonos fixar en como explicamos que temos algunha doenza. Volve escoitar as conversas para saber que verbo utilizan en cada caso. Fíxate en que, coma no exemplo, ás veces podemos dicilo de varios xeitos diferentes. Une os verbos e as expresións desta ruleta.

Teño dor de cabeza

Dóeme a cabeza



1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.
11.
12.
13.
14.

8. Observa estes dous diálogos e subliña as diferenzas que atopas entre eles. A que cres que se deben?



NA HERBORISTARÍA...

Diálogo A

—Ola, que hai?

—Boas, Amparo, que tal? Que querías, logo?

—Mira, é que non estou nada ben. Ultimamente estou sempre cansa, sen forzas e un pouco desanimada.

Podías darme algo?

—Non pasa nada, muller! Teño unhas infusións que son moi boas para iso. Están feitas dunha planta que contén moitas vitaminas. Ah! E tamén che podo dar unhas gotas de xelea real. Toma. Hai que tomalo todos os días para que faga efecto.

—Graciñas. Así o farei!

Diálogo B

—Ola, bos días.

—Bo día, como está? En que podo axudala?

—Mire, é que non estou nada ben. Ultimamente estou sempre cansa, sen forzas e un pouco desanimada. **Podía** darme algo, por favor?

—Non se preocupe. Teño unhas infusións que son moi boas para iso. Están feitas dunha planta que contén moitas vitaminas. Ah! E tamén lle podo dar unhas gotas de xelea real. Tome. Ten que tomalo todos os días para que faga efecto.

—Moitas grazas. É vostede moi amable.



B. Se te fixaches, nos diálogos anteriores había algunhas formas de expresar condolencia. Podes indicalas? Logo por parellas pensade en situacións onde se usen estas expresións e elaborade un diálogo con elas. Aquí tedes algunhas máis.

REPARA nestas formas para pedir algo en que se utiliza tamén o copretérito.

Podía darme un xarope?

Podías darme algo para a tose?

Quería algo para a gorxa, por favor.

Nestes casos non estamos indicando pasado.

Utilizamos o copretérito para expresar cortesía e respecto cara á persoa coa que falamos.

Condolencia

.....
Iso non ten importancia

.....
Seguro que iso non é nada

FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

Cando falamos non empregamos un mesmo ton en toda a mensaxe, senón que imos subindo e baixando a voz en función do que queremos comunicar. A sucesión deses diferentes tons altos (agudos) e baixos (graves) produce unha determinada liña musical á que chamamos **entoación**. A entoación, é pois, a liña ou a curva melódica que a voz vai describindo ao pronunciar palabras e oracións. Ten carácter distintivo porque diferencia os tipos de enunciados.

O campo de entoación do galego, que é a distancia que existe entre os tons finais máis altos e os máis baixos dos distintos enunciados, é bastante amplo, aínda que varía bastante dunhas zonas a outras.

Os tipos de entoacións que temos en galego poden ser: enunciativas, interrogativa, volitiva e emocional. Ímonos fixar nas dúas primeiras:

a) enunciativa

Os enunciados enunciativos en galego caracterízanse por comezar cunha entoación ascendente pero, e sobre todo, porque a liña entoativa descende ao final:

os animais comeron a herba.

Se non hai puntos suspensivos, nas enumeracións tamén cae a entoación na última palabra:

neste bosque hai castiñeiros, carballos e amieiros

b) interrogativa

En xeral, a entoación interrogativa en galego caracterízase por unha baixada ao final da liña entoativa. Temos dous tipos de interrogativas:

absolutas (ás que se responde cunha afirmación ou negación). Caracterízanse por ter un ton medio máis alto ca o da entoación enunciativa, cunha forte elevación ao comezo, seguen en ascenso lentamente para logo caer ao final:

trouxeche o que che encargamos?

relativas (introducidas por un pronome interrogativo). Cunha liña que sobe ao comezo e logo baixa progresivamente:


a onde nos queres levar?



9. escoita con atención as oracións que tes escritas.

Cales son enunciativa e cales interrogativas? Coloca un signo de interrogación ou un punto ao final de cada unha para indicalo.

1. Xa trouxeche as medicinas que che encargamos.....
2. Xa trouxeche as medicinas que che encargamos.....
3. Escoitaches música galega de pop, rock, hip-hop e folk.....
4. De que queres a empanada.....
5. Como cho digo.....
6. Cando cho digo.....
7. A onde imos hoxe hai golfiños.....
8. A onde imos hoxe hai golfiños.....
9. Naquela cama, como está vella, non dou durmido.....





GALEGO EN ACCIÓN

10. Ti es o doutor/a que lle axudou a Xián a recuperar o seu bo estado de saúde. Aconsella agora a outros pacientes.

Que medicinas e remedios podemos usar?

Tomar...

un xarope
uns sobres
unhas pastillas
unhas cápsulas
unhas gotas

Usar ou poñer...

unha pomada ou crema

Poñer...

unha inxección



doenzas do paciente

dor de gorxa

consellos do doutor/a

beber moito líquido, leite quente
e mel. 1 caramelo cada dúas horas

B. Xa tedes todas as doenzas e os consellos do seu médico ou médica? En parellas, representade agora un diálogo que puideron ter na consulta. Para dar os consellos debesdes botar man das perífrases *ter que + infinitivo* e *haber que + infinitivo* e usar os imperativos.

Doente: Bo día doutora Andrade, teño dor de gorxa.

Doutora: Bos días. A ver... Xa sabes que tes que beber moito líquido. Bebe tamén leite quente con mel.

Doente: Pero estou moi mal doutora, dóeme moito.

Doutora: Si, polo que vexo coido que estás bastante mal. Entón toma estas pastillas e estes caramelos. Hai que tomar unha pastilla cada oito horas. Toma os caramelos cada 2 horas se tes dor.

11. NA PRAIA

Iván traballa de socorrista nunha praia da Illa de Arousa. Estivemos onte con el e contounos os problemas que tratou o domingo, un dos días da semana con máis xente na praia:

picadura de faneca brava
queimadura de sol
ferida cunha rocha
alerxia na pel por mor dunha alga
vómito por tragar auga do mar
escordadura dun nocello

A. Ocorrénseche máis doenzas ou problemas?

B. Por parellas escollede algún deste problemas e elaborade un diálogo. Un é o/a socorrista e o outro o/a doente. Debedes ter en conta todos estes puntos:

SÍNTOMA:

TRATAMENTO:


.....

INDICACIÓNS:

POSOLOXÍA:



Galicia



CONTIDO SOCIOCULTURAL

12. GALICIA EN FESTAS

A. Dende Turgalicia ofrecéronnos esta listaxe con algunhas festas ás que podemos asistir este ano, pero non sabemos a cal delas corresponden estes textos. Axúdasnos ti a saber que celebración se describe en cada texto?

Crónica: a cuarta edición xa rematou!

Recollemos as alfombras (vermellas e azuis) dos camiños e desmontamos os asentos.

Na Asociación Cultural Arela, os que organizamos este festival, estamos moi contentos co resultado da IV entrega. Calculamos que pasaron arredor de 4.500 persoas entre o mércores e o sábado. E o que é máis importante, cremos que os que estiveron o pasaron ben.

Proxectamos 26 curtas cun nivel medio de calidade moi alto, algo que fala ben do cine galego e dos seus/súas nov@s realizador@s. Estreamos unha longametraxe dun cineasta porriñés ("Abrígate", de Ramón Costafreda), un *thriller* de animación con cacahuets ("Gritos en el pasillo") e un documental ("Só concertinas"). Creamos que acertamos co programa de actuacións musicais, e que o público gozou con The Ellas (coa voz do actor Luís Tosar), a sesión de Juan de Pablos, os Bravos de São Vicente, a Turres Band, Tony Loba & Elio dos Santos e os Festicultores.

Visitáronnos figuras do audiovisual galego e español. E o concurso de videoclips, doce recreacións audiovisuais de temas do último pop-rock galego. E isto foi todo. Vémonos nesta aldea porriñesa en vindeiras edicións.

A Mariña tenche moita lenda...

Esta festa da Mariña lucense comezou a celebrarse en 1985, aínda que a lenda é moito máis antiga. Nas illas Farallóns, en San Cibrao, vive unha ninfa mariña con corpo de muller e cola de peixe. De vez en cando, sobre todo nos días de tempestade, sobe dende o fondo do mar á superficie.

Conta a lenda que cos seus cantos seduce os mariñeiros do municipio de Cervo e outras veces semella unha horrible bruxa que quere atrapalos.

Por iso hai quen di que é boa e avisa dos perigos e outros opinan que é mala e quere que os barcos batan coas rochas.

O segundo sábado de agosto haina que ir pescar e xulgala en terra. Se foi mala quéimase e acaba a festa.

Nesta celebración as mulleres levan saias longas negras e os homes o traxe de faena cos pantalóns remangados e cunha corda na cintura. Xántase na praia do Torno e logo hai xogos populares. Pola noite a xente xúntase na praia con candís chamando e esperando que chegue esta serea.

O 29 de xullo come ben!

Vellas cancións refírense a esta localidade do interior da provincia de Pontevedra como terra de canteiros e de arrieiros que andaban o camiño da montaña ao mar. Espazos polos que aínda corren en liberdade os cabalos salvaxes que teñen a súa rapa das bestas outro día.

Este municipio celebra o último domingo de xullo unha das súas mellores tradicións culinarias e agrarias do rural galego, tan leais a estas tradicións do churrasco e da grella: esta festa segue, amplía e mellora esta tradición que vén de moi atrás e pasa polo medievo na forma de preparar este carneiro asado na grella. Esencial no banquete para acompañar a carne é o viño do Salnés, xa que as ribeiras do Umiá están próximas a este concello.

Festas e romarías

Entroido de Laza e Xinzo de Limia (Ourense)

Festa da Dorna (Ribeira)

A rapa das bestas
(A Estrada, Pontevedra)

Festa da Istoria de Ribadavia (Ourense)

Festa do viño Albariño (Cambados)

Festival de Cans (O Porriño)

Festa da Maruxaina (Cervo)

Festa de exaltación do marisco (O Grove)

Festa do carneiro ao espeto
(Moraña, Pontevedra)

Festa do pemento (Arnoia e Padrón)

Festividade da Virxe de Guadalupe (Rianxo)

Mostra do Encaixe de Palillos (Camariñas)



B. Coñecedes o resto das festas galegas? Por parellas elixide unha e procurade información sobre ela para expoñela na clase. Se queredes poderdes comezar a busca na páxina de www.turgalicia.com na sección de festas que está en "Que facer"





13. Observa as imaxes e intenta completar a ficha de cada enfermo.



SÍNTOMA:

TRATAMENTO:

.....

INDICACIÓNS:

DOSE:



SÍNTOMA:

TRATAMENTO:

.....

INDICACIÓNS:

DOSE:



SÍNTOMA:

TRATAMENTO:

.....

INDICACIÓNS:

DOSE:



SÍNTOMA:

TRATAMENTO:

.....

INDICACIÓNS:

DOSE:



SÍNTOMA:

TRATAMENTO:

.....

INDICACIÓNS:

DOSE:

14. Neste texto tes unha especie de prospecto que un escritor galego lle fixo á nosa lingua. Como ves, a cada parágrafo correspóndelle un título, podes colocarllos ti?

Contraindicacións

Posoloxía

Presentación

Efectos secundarios

Indicacións

Fórmula

Advertencias

Propiedades

Incompatibilidades

Lingua galega

Propiedades

É un composto de orixe secular, da familia lingüística galego-portuguesa, derivado do latín. Ao ser humano as linguas resólvenlle as funcións comunicativas elementais. A lingua galega, ademais desa función básica, desenvolve a función de identificar culturalmente a comunidade social denominada cientificamente como Galicia. Facilita a comprensión e integración no contorno. A súa presenza potencia a creatividade, a autoestima e o progreso social. A súa administración é especialmente recomendada nos centros de ensino e lugares de ocio e tempo libre da mocidade e a infancia.

Indicado para os trastornos de comportamento por causa da diglosia, o autoodio ou a falta de autoestima / Trastornos por déficit de interacción coa cultura ou identidade galegas / Estados de acollida de persoas que acaban de chegar a Galicia / Persoas con insuficiencia comunicativa / O seu uso está especialmente indicado para persoas e colectivos que crean na xustiza social e na defensa dos dereitos básicos do ser humano / Comeza a relacionarse o seu uso oral permanente co progreso económico do país.

Contraindicacións

Non se coñecen ata o de agora.

Problemas con pacientes con trastornos ideolóxicos, proclives á desaparición das culturas minorizadas ou indiferentes co proceso de desgaleguización. Recoméndase tamén o consumo doutros idiomas, cantos máis mellor, sen esquecer que a lingua da propia comunidade social é insubstituíble.

É xeralmente ben recibido desde a primeira dose. Non acostuman aparecer problemas derivados do seu uso.

Ten que comezar a utilizarse desde os primeiros días de vida para optimizar e mellorar os seus beneficios.

O uso continuado conduce ao convencemento e á fidelidade na súa capacidade creativa, e en estados evolucionados pode crear un nivel óptimo de monolingüismo.

Latín.

Linguas de substrato precelta e celta.

Linguas de superestrato: visigodo, suevo, árabe.

Elementos engadidos ou excipientes

Habilidades sociais, autoestima, liberdade de expresión...

Adoita aparecer de formas diversas, a través de textos escritos ou de administración oral. Recoméndase a súa distribución en formatos actualizados (novas tecnoloxías, cine, mass media...) e o seu consumo tradicional (relacións informais, familia...).

Posoloxía

Hai que adminístralalo de forma diaria e continuada. Elixirase a dose segundo as necesidades persoais.

Caducidade

O propio medicamento ten unha sorprendente capacidade de rexeneración polo que NON presenta data de caducidade.

ESTE MEDICAMENTO DEBE ESTAR AO ALCANCE DOS NENOS E NENAS



15. Neste texto recoméndase a lingua galega para solucionar síntomas como a diglosia, o autoodio, os estados de acollida de persoas acabadas de chegar a Galicia... Sabes a que se refiren? Comentádeo na clase co profesor ou profesora.

16. Pensas que este medicamento sería preciso no teu país? Atopas máis similitudes ou diferenzas entre a situación da túa lingua e a galega? Explícallo aos teus compañeiros e compañeiras.

CADERNO DE BITÁCORA

QUE APRENDÍN | QUE TEÑO QUE REPASAR | QUE SEI FACER EN GALEGO NAS CATRO HABILIDADES

Comprender

Falar

Ler

Escribir

Que aprendín:

Que teño que repasar:

Que sei facer en galego nas catro habilidades:

Comprender:

Falar:

Ler:

Escribir:
